

Programa Retorna Cualifica Empleo [2026]

Información para empresas interesadas

O programa Retorna Cualifica Empleo ten como finalidade contribuír a incrementar a poboación activa de Galicia a través da **atracción das persoas galegas residentes no estranxeiro**, tanto as emigrantes como as súas descendentes, facilitándolles mecanismos e medios para a súa cualificación e a súa inserción laboral.

O programa Retorna Cualifica Empleo ten como obxectivo específico que aquelas persoas que contan cun plan de cualificación e empregabilidade, **subscriban un contrato de traballo indefinido** a tempo completo ou parcial.



No caso do contrato indefinido a **tempo parcial**, a xornada **non será inferior a media xornada** (mínimo 50 % da xornada completa).



Inscripción no programa

Para participar no o programa Retorna Cualifica Empleo **as empresas deberán realizar a súa inscrición** mediante:

- » A formalización do correspondente **compromiso de contratación** das persoas participantes no programa con calquera das entidades xestoras do programa, indicando os perfís e número de persoas a contratar, modalidades de contratos, duración e xornada e identificación ou localización dos centros de traballo.

Máis información para
empresas interesadas



Fai clic ou escanea
para acceder á web



Contidos do programa

- » **Preselección das persoas participantes** no programa que reúnan os requisitos e se axusten aos perfís demandados polas empresas e que ademais manifesten a súa dispoñibilidade e conformidade para trasladarse a Galicia para incorporarse ao posto de traballo ofertado.
- » **Asistencia** por parte das entidades xestoras do programa para o **proceso de contratación** das persoas.



Requisitos para poder participar

- » Poden participar as **empresas con centros de traballo en Galicia** interesadas na contratación de persoas traballadoras migrantes galegas que participen no Programa Retorna Cualifica Empleo e **coas se comprometan a formalizar o correspondente contrato de traballo**.
- » O contrato ofertado será **indefinido a tempo completo ou parcial**. No caso do contrato indefinido a tempo parcial, a duración da xornada non será inferior a media xornada (mínimo 50 % da xornada completa).